



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

BIS

"CONVENIO MARCO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS ENTRE O CONCELLO DE CULLEREDO E O CONCELLO DE BETANZOS PARA A UTILIZACIÓN MÁIS RACIONAL E EFICIENTE DOS MEDIOS PERSOAIS E COBERTURA DE NECESIDADES TEMPORAIS

REUNIDOS

Dunha parte, D. Don José Ramón Rioboo Castro, en calidade de Alcalde-Presidente e representante legal do Concello de Culleredo, con sede en Rúa do Concello n.º 12, 15189, Culleredo (A Coruña), e co código de identificación fiscal P1503100H, asistido polo secretario da corporación D. Rafael del Barrio Berbel, que asina de xeito electrónico aos únicos efectos de dar fe da sinatura electrónica do presente convenio.

C.I.F. P-1503100-H

Da outra, Dª María Barral Varela, en calidade de Alcaldesa- Presidenta e representante legal do Concello de Betanzos, con sede en Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña(A Coruña), e co código de identificación fiscal P1500900D.

Ambas partes recoñécense mutuamente capacidade para outorgar o presente convenio e a tal efecto

EXPOÑEN

I

Os concellos teñen, día a día, que manter os servizos públicos e as actividades municipais que cada vez son máis demandadas. Resulta evidente que para que un concello poda prestar servizos de calidade require de persoal cualificado suficiente. Especialmente si temos en conta que a xestión pública, en aras da seguranza xurídica e económica, resulta cada vez máis complexa. Nembargantes, os concellos encóntranse en primeira liña da xestión pública aos cidadáns, pero ao tempo moi limitados por outras administracións (estatais, sinaladamente) para poder desenvolver a súa autonomía local en materia de organización e recursos humanos.

Á hora de buscar solucións aos nosos problemas, os concellos miramos a outros niveis da administración (deputacións, Xunta, Estado), o que é interesante. Pero tal vez poderíamos completar esta 'mirada vertical' cunha 'mirada

C.I.F. P-1503100-H



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

horizontal", aos outros municipios, con quen se comparte a natureza da maior parte das funcións e tarefas, así como problemáticas e experiencias de traballo no local. De aí a oportunidade e conveniencia de explorar, como se expón, a cooperación horizontal a través de instrumentos existentes como os convenios interadministrativos, para tentar, de forma conxunta entre os municipios, resolver áxil e sinxelamente, os problemas e retos que se nos presentan. Nese intento, desde o local, de ser a administración máis próxima, e tamén máis áxil e eficiente.

Paralelamente, nese mesmo período da última década, diversas leis orzamentarias teñen implantado no sector público unha serie de medidas constrictoras do emprego público na procura de redución e contención do gasto e do déficit público. A aplicación destas medidas durante estes anos teñen conducido á administración local e, concretamente, ao concello de Culleredo, á imposibilidade de crecemento axeitado do persoal municipal para as exixencias de servizos, creándose prazas nuns sectores prioritarios a través da amortización doutras prazas noutros servizos municipais non esenciais, pero non por iso menos necesarios. Isto é, a Administración local se ten visto abocada á sacrificar a reposición en certas áreas para priorizar un mínimo crecemento doutras mais urxentes.

As consecuencias organizativas directas de todas esas medidas limitadoras do emprego público para Culleredo non son outras que unha dotación de recursos humanos moi por baixo das procedentes para dar resposta a unhas necesidades de crecemento desta Administración local. Mais este problema de recursos humanos insuficientes, tanto para servizos xerais como para servizos técnicos especializados, é un problema común a la maioría dos concellos, que han visto o envellecemento dos seus cadros de persoal, e a insuficiencia de recursos humanos para atender á as novas e crecentes demandas da veciñanza.

As medidas tan restritivas en materia de emprego público teñen conducido, no particular ao concello de Culleredo, a asunción por parte do persoal existente dun incremento de tarefas e especialización (especialización tamén derivada da posta en marcha da administración electrónica, entre outros) e dunha maior complexidade, especialmente dende o prisma técnico e xurídico pola cambiante normativa.

As solucións conxunturais, todas de carácter urxente e extraordinario (horas extraordinarias, encomendas de funcións, provisións a través de comisións de servizo, reforzos puntuais a través de expedientes de acumulación de traballo, cambio de adscripción e/ou traslado de departamento de efectivos de postos non singularizados, bolsas de traballo, etc...) resultan a día de hoxe, insostibles temporalmente por insuficientes para unha resposta axeitada en ratios de calidade e eficiencia na prestación dos servizos públicos municipais. Ademais,



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

tales soluciones, concibidas dende o marco legal cunha implícita transitoriedade, xa non bastan para dar resposta a unhas necesidades que, innegablemente, se proxectan cara ao futuro mais inmediato.

Por todo o exposto, dende o concello de Culleredo é momento de atopar novas propostas que posibiliten, dentro da legalidade vixente, dun xeito áxil e complementario aos instrumentos conxunturais antes descritos, fórmulas que posibiliten un uso mais racional e eficiente dos medios persoais das administracións públicas locais, na procura de dar solución ás necesidades descritas a través da dotación e reforzo de persoal naquelas áreas, servizos, e especialidades que mais o necesiten. Neste sentido, a cooperación entre Administracións ou colaboración interadministrativa preséntasenos como un camiño na dotación de persoal público. Un novo camiño de cooperación horizontal, cos nosos semellantes, os concellos. Camiño non substitutivo, senón de reforzo e complementario aos instrumentos de xestión de persoal para mantemento, e inclusive crecemento, do emprego público.

C.I.F. P-1503100-H

A actividade administrativa bilateral concrétese actualmente nas categorías de Contrato e Convenio. A regulación do primeiro ten sido desenvolta progresivamente no noso ordenamento xurídico, pero tamén ao abeiro das Directivas da Unión Europea, que teñen marcado o ritmo das sucesivas reformas. Non ten pasado o mesmo cos Convenios administrativos, cunha regulación escasa e moitas veces de corte sectorial, que implica o acomodo de intereses bilaterais.

É esta bilateralidade dos Convenios, como nota característica que supón integrar a vontade da outra parte, sen exercer imperio, sitúanos no eido das actuacións administrativas favorables ou polo menos, daquelas que non inciden negativamente ou limitadoramente sobre a esfera xurídica dos cidadáns.

Este tipo de actuacións administrativas, en canto amplían dereitos e non restrinxen situacións xurídicas, son contempladas polo lexislador con maior benevolencia e disto, a sinxeleza de desenvolvemento xurídico dun instrumento, o convenio, caracterizado por unha gran flexibilidade. Tal sinxeleza de marco xurídico é aínda mais notable ao respecto de convenios entre administracións locais, reflectido na lexislación básica de Réxime Local, unicamente a través do artigo 57, que atende a cando unha das partes dun Convenio é unha Administración Local.

A nova regulación dos Convenios administrativos na Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público, ten a súa orixe na moción do tribunal de Contas de 2010, substituíndo ao exíguo marco anterior da Lei 30/92 que resultaba aplicable aos Convenios subscritos entre o Estado e as Comunidades autónomas. Resolta agora aplicable a calquera Administración pública a figura de Convenio como acordo vinculante, cuxo negocio xurídico neste caso, é

3 de 12



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

compartir a través da colaboración, ao persoal público, especialmente xurídico e técnico, polo que tal negocio xurídico é diferente aos establecidos pola Lei de Contratos e, polo tanto, alleo á mesma.

No caso presente, o Convenio entre Administracións locais como expresión do principio de colaboración interadministrativa, trata sinxelamente, de aproveitar os recursos humanos existentes en distintas administracións locais para dar cobertura ás necesidades de reforzo de determinados departamentos, servizos, procedementos ou expedientes de elevada complexidade, a través da cooperación con concellos con dispoñibilidade de persoal especializado en aquelas funcións e tarefas que poden ser reclamadas, e motivadamente xustificada a vía do convenio interadministrativo para a súa solución.

Dita cooperación, supón tanto un aforro para as propias Administracións implicadas como a maximización na xestión de persoal público, pola máxima utilización da experiencia e coñecemento dos/as empregados/as públicos que resulten afectos.

Se trata de instrumentalizar, vía formal, algo que vense dando de xeito voluntario, aínda que sen recoñecemento e validez xurídica, entre algúns empregados/as públicos dende hai tempo na procura dun interese xeral.

Nembargantes o exposto, dende a entrada en vigor da nova redacción da Lei 40/2015, non se ten afondado suficiente na vía de solución que, para mellor cumprimento do interese xeral, posibilitan os Convenios de colaboración interadministrativa de ámbito local.

Este tipo de colaboración posibilitaría a substitución ou reforzo de determinadas funcións e tarefas do persoal municipais a través doutro/as empregados/as públicos que xa forman parte da función pública, dunha administración local, a través da acreditación do seu acceso en observancia dos principios constitucionais de acceso ao emprego público.

A colaboración vía Convenio interadministrativo permite tamén a asunción da responsabilidade e autoría do/a funcionario/a colaborador noutra Administración, evitando a necesidade de referendo ou asunción de informes externos da esfera privada por parte de funcionarios/as propios non executantes por causas xustificadas. Paralelamente, esta alternativa evita que unha administración local teña que realizar un proceso selectivo específico (coa demora temporal que iso supón), que inclusive requira, previamente, a creación dunha nova praza inexistente, imposible moitas veces polos límites da taxa de reposición e/ou en detrimento dos efectivos doutros Corpos/escalas.

Non se trata de substituír o nivel de emprego público, senón de aproveitar os efectivos doutras Administracións para resolver situacións e necesidades



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

conxunturais e específicas que non poden atenderse eficazmente doutro xeito, pois o mellor activo para tales apoios forma xa parte da Función pública. E mesmo, tal colaboración pode significar inclusive un crecemento deses propios niveis de emprego público (inclusive dentro do contexto limitador do marco legal) pois o/a empregado/a público colaborador enriquecerá cos seus coñecementos e experiencia ao restante persoal e viceversa, posibilitando un crecemento profesional de ambos que pode poñer de manifesto novas necesidades en calquera das dúas entidades colaboradoras.

Paralelamente, a utilización da experiencia e coñecementos acadados polos empregados/as públicos no desenvolvemento do seu posto habitual, supón a máxima eficiencia dos mesmos ao ser aproveitados por outra Administración, enriquecendo á vez a súa proxección profesional. Neste contexto xeral nace este Convenio marco de colaboración interadministrativa agora presentado. Convenio que recolle a vontade de abrir unha nova vía de colaboración entre o Concello de Culleredo e outras Administracións públicas locais que o desexen para cobertura de necesidades temporais de recursos humanos, non substitutiva nin limitativa dos procedementos e instrumentos de xestión de persoal existentes, pero si complementaria, dende un prisma mais racionalizador en tempo e en gasto público e simultaneamente mais eficaz e eficiente para o mellor funcionamento das Administracións locais.

Iniciase con este Convenio marco, o primeiro paso dende o Concello de Culleredo, invitando á cooperación horizontal intermunicipal, no eido da colaboración interadministrativa, dende o establecido polo art. 47 da Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público para unha importante mellora da eficiencia na xestión pública a través da utilización de medios e recursos de outra Administración pública dende o cumprimento coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, para a final mellor prestación de servizos públicos a cidadanía.

II

O artigo 10.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), establece que a Administración Local e as demais Administracións públicas axustarán as súas relacións recíprocas aos deberes de información mutua, colaboración coordinación e respecto aos ámbitos competenciais respectivos. Similar declaración recóllese no Art. 3.1.k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

Unha das formas de colaboración máis relevantes é a que se desenvolve a través da subscrición, con carácter voluntario, de convenios administrativos, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, tal e como postula o Art. 57 da LBRL.



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

O artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), exclúe expresamente do seu ámbito de aplicación os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesa Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si, entre outras, polas Entidades locais.

Os convenios administrativos atópanse regulados, con carácter xeral, nos artigos 47 a 53 da LRXSP. Deste conxunto normativo debemos destacar o artigo 47, que no seu apartado 1 os define ("Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común") e no 2 os clasifica en catro tipos, dos que aquí nos interesa o especificado na letra a): "Convenios interadministrativos asinados entre dous ou máis Administracións Públicas, ou ben entre dúas ou máis organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas Administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas..." Os demais preceptos que a LRXSP dedica aos convenios administrativos ocúpase dos seus requisitos de validez e eficacia (Art. 48), do seu contido (Art. 49), dos trámites preceptivos para a subscrición e os seus efectos (Art. 50), extinción (Art. 51), efectos da súa resolución (Art. 52) e a súa remisión ao Tribunal de Contas (Art. 53).

Por último, o artigo 209 ("Realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais") da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, prevé e regula expresamente a materia de colaboración obxecto deste convenio interadministrativo:

"1. De acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local. Para iso, as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará:

- a) O ámbito de aplicación.
- b) Os servizos afectados pola realización de funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local.
- c) O persoal asignado aos devanditos servizos.
- d) As funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

2. No expediente deberá constar a conformidade do persoal afectado, que manterá en todo caso a súa relación funcional coa entidade local a que pertenza.”

III

O Convenio se estrutura en sete cláusulas e un Anexo, que presenta un modelo de Convenio específico nominativo.

As primeiras describen o Obxecto e ámbito de aplicación e vixencia temporal, para determinar que, no marco xeral do Convenio, queda afectado todo o persoal público de ambos Concellos colaboradores, sempre que as funcións e tarefas a realizar, sexan alleas ao negocio xurídico de aplicación da Lei de Contratos do Sector público.

As seguintes cláusulas encárganse da determinación da realización de función e tarefas polo persoal público no concello receptor da colaboración, e a contraprestación económica, poñendo de manifesto que, dentro da colaboración interadministrativa, é a voluntariedade do propio persoal público afecto, a que prevalece na realización de funcións e tarefas na esfera do outro Concello.

A cláusula final determina as situacións e incidencias que poden dar lugar á denuncia do Convenio marco, como Convenio específico nominativo, como a posibles incidencias que den lugar a unha suspensión temporal da colaboración, especificándose finalmente que, no caso de desacordos, corresponde ao eido contencioso administrativo a resolución das posibles discrepancias ou litixios.

IV

Que é vontade de ambas as dúas Administracións locais, Concello de Culleredo e Concello de Betanzos establecer o marco de colaboración bilateral a través do presente Convenio interadministrativo en materia de recursos humanos para unha utilización conxunta mais racional e eficiente dos seus medios persoais e para a cobertura de necesidades temporais de cada unha das Administracións locais representadas.

V

Que, co fin de regular as condicións desta colaboración na forma prevista no ordenamento xurídico, os comparecentes se recoñecen reciprocamente capacidade e lexitimidade para acordar a sinatura do presente Convenio, de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O presente Convenio marco posibilita e ampara a realización de funcións e tarefas do persoal público, funcionario e laboral, do Concello de Culleredo no Concello de Betanzos e deste mesmo Concello no Concello de Culleredo. Isto fora do cómputo da xornada ordinaria da Administración á que pertence o/a empregado/a público, e dentro do ámbito competencial do seu posto de traballo e titulación habilitante.

SEGUNDA.- AMBITO DE APLICACIÓN E VIXENCIA

O ámbito de aplicación deste Convenio marco é a do termo municipal dos Concellos colaboradores (Concello de Culleredo e Concello de Betanzos), cunha vixencia dun ano natural prorrogable automaticamente, salvo denuncia de calquera das partes, ata o máximo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público.

En desenvolvemento do Convenio marco de colaboración, asinaranse Convenios específicos nominativos nos que deberá recollerse a previsión temporal específica da colaboración en cada caso, sempre cunha vixencia máxima que é a establecida para o Convenio marco (un ano natural prorrogable).

TERCEIRA.- SERVIZOS E PERSOAL AFECTOS PARA REALIZACIÓN DE FUNCIÓNS NO AMBITO TERRITORIAL DA OUTRA ENTIDADE LOCAL

Con carácter xeral, quedan afectados polo presente Convenio todos os servizos municipais de ambas as dúas entidades locais e todo o persoal, laboral e funcionario que ocupa praza en propiedade no cadro de persoal municipal respectivo en vigor.

As funcións e tarefas a desenvolver polo persoal afecto por este Convenio de colaboración serán as propias do posto de traballo que desenvolve na Administración á que pertence e titulación habilitante necesaria para ocupar praza como persoal municipal, sempre que tales funcións e tarefas estean excluídas dos negocios xurídicos afectos pola Lei de Contratos do Sector Público.

A instancia de cada Alcaldía, formalizarase un anexo específico nominativo do persoal que colaborará coa outra Administración local, finalidade concreta e específica da colaboración, posto que ocupa na Administración á que pertence e previsión temporal da colaboración (Anexo I: Modelo Convenio específico nominativo).

Será requisito imprescindible a constatación no Convenio específico nominativo, da conformidade do/s empregados/as públicos/as afectados/as, dada a obrigatoriedade do carácter voluntario desta colaboración.



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

CUARTA.- REALIZACIÓN DE FUNCÍONS E TAREFAS, E CONTRAPRESTACIÓN ECONÓMICA

Toda vez asinado o Anexo específico nominativo, o persoal colaborador desenvolverá as funcións e tarefas obxecto do mesmo, baixo as directrices do Concello receptor da colaboración, sempre fora da xornada laboral ordinaria e respectándose a voluntariedade do/a empregado/a colaborador na determinación de prazos de entrega de traballos encomendados. O Concello receptor poñerá a disposición do/a empregado/a colaborador todos os medios técnicos necesarios para a realización das funcións e tarefas encomendadas.

Os/as empregados/as colaboradores asumirán a autoría dos traballos encomendados, recoñecéndose a mesma validez técnica que a que ostentan na súa Administración. A colaboración non lle poderá significar custo algún á Administración de orixe debendo, de selo caso, asumir o Concello receptor os custos de dietas, desprazamentos e análogos.

A contraprestación económica especificarase no Anexo I-convenio específico nominativo ao depender do tipo de funcións e tarefas concretas da colaboración. A obriga adquirida de contraprestación económica tramitarase por transferencia mensual do Concello receptor da colaboración ao Concello á que pertence o/a empregado/a, para súa inclusión na correspondente nómina, en concepto de gratificación por servizos extraordinarios realizados fora da xornada habitual, segundo o cálculo que lle corresponda de conformidade a seu grupo de clasificación. A estos efectos se considerará en primeiro lugar aos valores actualizados hora/traballos extraordinarios establecidos no acordo regulador das condicións de traballo dos funcionarios do Concello receptor. En caso de inexistencia de acordo regulador ou norma interna que determine o valor hora de traballos extraordinarios para o grupo/categoría do/s funcionario/s afectados, se deberá acudir aos valores determinados no acordo regulador de referencia do Concello cedente, é en caso de ausencia de ambos valores, se deberá acudir aos valores que establece a normativa vixente en materia de traballos extraordinarios (artigo 47 do RD, 2001/1983 de 28 de xullo) que determina o importe da hora extraordinaria como unha hora ordinaria incrementada nun 75%) En todo caso, as retribucións correspondentes, deberán axustarse aos límites establecidos na lei de presupostos xerais do Estado.

O Concello de Betanzos abonará a cantidade mensual de gratificacións resultante unha vez recibido o ingreso do Concello de Culleredo, na nómina do/a traballador/a ao final de cada mes.

QUINTA.- CERTIFICACIÓN DA COLABORACIÓN



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

Toda vez finalizada a colaboración, o Concello receptor comprométese á Certificación dos traballos realizados, con indicación da avaliación dos mesmos e con determinación, como mínimo, das funcións e tarefas realizadas no seu ámbito territorial e o período temporal da colaboración, con especificación de datas de inicio e fin.

SEXTA.- DENUNCIA DO CONVENIO E DO CONVENIO ESPECÍFICO NOMINATIVO

Por causa motivada, calquera das partes pode proceder á denuncia do presente Convenio marco de colaboración. Así mesmo, de resultar procedente, poderase denunciar e deixar sen efecto os Convenios específicos nominativos asinados ao abeiro do presente, polas seguintes causas:

- a) Por vontade do empregado/a público colaborador/a
- b) Por incumprimento do empregado/a colaborador/a das funcións e tarefas determinadas no Convenio específico nominativo
- c) Por omisión do Concello receptor na posta a disposición dos medios técnicos necesarios para cumprimento das función e tarefas de colaboración
- d) Por inobservancia das obrigas de contraprestación económica.

Ademais, os Convenios específicos nominativos poderán quedar temporalmente suspendidos polas seguintes causas:

- a) Por situación de Incapacidade temporal do/a empregado/a colaborador/a
- b) Pola situación de concesión de permisos, licenzas na Administración á que pertence o/a empregado/a público.
- c) Calquera outra motivada a instancia de calquera das partes.

Tanto a suspensión da colaboración como o reinicio da mesma, deberá quedar reflectida no expediente, dando traslado á outra Administración e ao persoal afecto aos efectos procedentes. A suspensión interromperá as obrigas de contraprestación económica, así como os prazos temporais determinados.

SÉTIMA.- FINAL

O presente Convenio marco, así como os Convenios específicos nominativos, teñen carácter administrativo, rexéndose polo establecido nas súas cláusulas. No caso de desacordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional contencioso-administrativa.



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

ANEXO I

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CULLEREDO E O CONCELLO DE BETANZOS NO MARCO DO CONVENIO TIPO PARA UTILIZACIÓN RACIONAL E EFICIENTE DOS MEDIOS PERSOAIS E COBERTURA DE NECESIDADES TEMPORAIS EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS

D. José Ramón Rioboo Castro, en calidade de Alcalde-Presidente e como representante legal do Concello de Culleredo, e

D^a María Barral Varela, en calidade de Alcaldesa-Presidenta e como representante legal do Concello de Betanzos

Ao abeiro do establecido polo CONVENIO MARCO INTERADMINISTRATIVO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CULLEREDO E O CONCELLO DE BETANZOS PARA UTILIZACIÓN RACIONAL E EFICIENTE DOS MEDIOS PERSOAIS E COBERTURA DE NECESIDADES TEMPORAIS EN MATERIA DE RECURSOS HUMANOS,

ACORDAN a sinatura do presente Convenio específico nominativo:

Persoal colaborador	Nome e apelidos: Vanessa Muiño Otero DNI: 46.911.167-E
Posto de traballo	Técnica de administración
Funcións e tarefas	Apoio en rexistro, fiscalización e aprobación de facturas, e de forma puntual, calquera informe e tramitación técnica en materia de intervención-tesourería.
Dpto/Servizo no que prestará colaboración	Intervención-tesourería
Descrición medios técnicos necesarios	Teléfono, ordenador, dirección de email e conexión remota



Código do documento	Código do expediente
UPO18I02KJ	UPO/2024/247
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
6B64 6022 424W 580I 14BZ	

Duración estimada	Seis meses, prorrogable por mutuo acordo, 60 horas mensuais
Contra prestación económica	9.378 euros en calidade de salario bruto por 6 meses (60 horas mensuais)

O ALCALDE DO CONCELLO DE
CULLEREDO

A ALCALDESA DO CONCELLO DE
BETANZOS

RIOBOO CASTRO, JOSE
RAMON
Alcalde-Presidente
31/10/2024 12:44

C.I.F. P-1503100-H

DOU FE,

DOU FE,

O SECRETARIO XERAL DO
CONCELLO DE CULLEREDO

O SECRETARIO XERAL DO
CONCELLO DE BETANZOS

DEL BARRIO BERBEL, RAFAEL JOSÉ
Secretario xeral
31/10/2024 12:46